

## Textos e datos para achegármonos á prehistoria do poeta Darío Xohán Cabana

### *Texts and data to approach the prehistory of Darío Xohán Cabana as a poet*

Xesús Alonso Montero  
(Real Academia Galega – USC)

Data de recepción: 25/01/2023 – Data de aceptación: 02/06/2023

**Resumo:** Neste artigo realízase unha aproximación á prehistoria literaria do poeta Darío Xohán Cabana. Estúdanse, en concreto, todos os textos de finais da década dos anos sesenta do século XX e 1970, que Darío Xohán Cabana lle foi entregando a Xesús Alonso Montero. Alén de incorporar as respostas a unha enquisa de 1969, neste traballo reproducense oito textos poéticos representativos do primeiro Darío Xohán Cabana, algúns deles inéditos.

**Palabras chave:** Literatura galega, Darío Xohán Cabana, poeta novo, poemas (in)éditos.

**Sumario:** 1. Os primeiros pasos literarios de Darío. 2. Textos que me achegou no período 1968-1970: para un inventario. 3. Oito textos poéticos representativos do primeiro Darío. 3.1. «Recordo pra Miguel Hernández». 3.2. «O Cristo vai nacer». 3.3. «A min gústame o castrapo». 3.4. «Galicia...». 3.5. «Elexía por Antonio Machado». 3.6. «Houbo un día unha voz...». 3.7. «Elexía da gaita». 3.8. «Elexía por Federico García Lorca». Referencias bibliográficas.

**Abstract:** This article focuses on the literary prehistory of Darío Xohán Cabana as a poet. Specifically, all the texts from the late 1960s and the 1970s that Darío Xohán Cabana gave to Xesús Alonso Montero are discussed. Apart from including the answers he gave to a questionnaire in 1969, eight poems from his early period are published here, some of which were unpublished before.

**Keywords:** Galician literature, Darío Xohán Cabana, young poet, (un)published poems.

**Contents:** 1. Darío's first steps in literature. 2. Texts he gave me in the 1968-1970 period: Towards an inventory. 3. Eight poetic texts that are representative of Darío's early period. 3.1. «Recordo pra Miguel Hernández» (Remembering Miguel Hernández). 3.2. «O Cristo vai nacer.» (Christ is going to be born). 3.3. «A min gústame o castrapo.» (I like castrapo). 3.4. «Galicia...» 3.5. «Elexía por Antonio Machado.» (Elegy for Antonio Machado). 3.6. «Houbo un día unha voz...» (There was once a voice...) 3.7. «Elexía da gaita» (Elegy for the bagpipe). 3.8. «Elexía por Federico García Lorca.» (Elegy for Federico García Lorca). Bibliographic references.

## 1. Os primeiros pasos literarios de Darío

Darío foi alumno meu de Literatura española no curso 1968-1969 no Instituto Masculino de Lugo, hoxe denominado «Lucus Augusti». Cursaba sexto, como Xesús Rábade Paredes, chairego coma el. Lémbroos con emoción, coa emoción especial de quen os viu nacer para a literatura, onde non tardarían en seren nomes importantes, hoxe moi importantes.

Posúo de Darío un número elevado de poemas daquelas datas (e algúns textos en prosa), material dabondo para facer unha incursión na prehistoria do poeta, daquela moi novo. Nacera en Roás (Cospeito, Lugo) o 19 de abril de 1952 e chegou ás miñas aulas en outubro de 1968, con dezaseis anos e medio; Rábade, o seu colega, chegara con dezaioito e xa viña das clases de María Victoria Moreno Márquez, profesora deste alumno chairego en cuarto curso, dous anos antes. María Victoria Moreno, extragalega, estaba a mergullarse daquela, coa paixón que a caracterizaba, na lingua e no discurso literario de Galicia.

Ofrecer textos e datos do primeirísimo Cabana é o que se propón o presente artigo. Para tal fin non só botarei man dos textos que me confiou o autor nesa primeira andaina senón da información que nos achega unha resposta súa a un inquérito redactado por min en xaneiro de 1969 e cuberto por el na primavera dese ano, pouco antes de finalizar o sexto curso do bacharelato no «noso» instituto. Por certo, tal enquisa (e 85 máis) publicáronse moito despois co título *Diccionario da nova literatura galega* (Alonso Montero 2021) cun interesante estudo preliminar de Ramón Nicolás.

É ben sabido que Darío non tardou en iniciar unha intensa relación, verdadeiramente fraterna, con Manuel María, e que as páxinas literarias de Manuel María foron estímulo e alimento para el, de xeito moi especial, a partir de 1970, o ano en que Darío publica o seu segundo libro, *Home e terra*, na colección monfortina Val de Lemos dirixida polo seu mentor. Creo que se pode afirmar que antes desta data a presenza de Manuel María no agromante poeta Darío Xohán Cabana é mínima ou nula. Para min son significativas as respostas do amentado inquérito:

I. ¿Qué escritores galegos ou de fóra influíron máis en vostede?

Neira Vilas, Curros Enríquez, Castelao, X. Alonso Montero<sup>1</sup>, Celso Emilio Ferreiro e Miguel Hernández.

II. ¿Qué catro escritores galegos xulga máis importantes?

Curros Enríquez, Rosalía, Castelao, Celso Emilio e Neira Vilas (van cinco).

---

<sup>1</sup> Cortesía do alumno co profesor?

VI. ¿Cál é o libro máis relevante desde 1960?

*Longa noite de pedra* i as *Memorias dun neno labrego*.

X. ¿Cáles son os dous libros que máis falta nos fan?

*Longa noite de pedra* e *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*<sup>2</sup>

Nin nestas nin noutras respostas se menciona o nome de Manuel María, escritor do que sería devoto desde moi pronto. Sinalemos que estas respostas coinciden, en moi boa parte, coas do seu colega Rábade Paredes.

## 2. Textos que me achegou no período 1968-1970: para un inventario

A inmensa maioría dos textos obran, desde hai anos, no meu arquivo da biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, arquivo para o que redactei no ano 2011 unha especie de esquemático catálogo co título *ALXAM. Guía do Arquivo Literario* (Alonso Montero 2011). Velaquí o contido do material poético (e prosístico) do que é autor Darío Xohán Cabana, consignado cronoloxicamente.

I. «O Cristo vai nacer...» nadal, 1968

Soneto manuscrito dedicado a min, á miña muller e ós meus tres fillos (no orixinal, a data –«Nadal, 1968»– na miña letra, cfr. Imaxe 1). Asinado co pseudónimo Darío da Cabana, que non sei se empregou algunha outra vez.

II. *Non digo nada novo, pero lémbrovos...*, setembro, 1969

Manuscrito do que só se conserva un poema «Galicia...» (cfr. Imaxe 2), dedicado a min, e un paratexto inicial que reza:

Iste libro de ira e esperanza adícollelo a tódolos meus amigos e compañeiros de loita, esteñan acó ou alenmar, pois anque esteñan mortos, Galicia chamará polos osos seus.

Roás da Terra Cha, Setembro, ano 69. Tempo de esperar loitando.

Daquela, Darío xa era militante da UPG (Unión do Pobo Galego), se nos atemos ó estudo de Calvo / Rodríguez Yáñez (2008)<sup>3</sup>.

<sup>2</sup> Publicado na editorial Ciencia Nueva (Madrid) a fins de 1968. véx. n. 1.

<sup>3</sup> No capítulo da Cronoloxía lemos: «1968. Ingresa na UPG».

### III. «Houbo un día unha voz...»

Manuscrito, de homenaxe a Castelao, que me entregou en Lugo o 26 de novembro de 1969, pois esta é a data que eu manuscibín o día da entrega (cfr. Imaxes 3 e 4). Publiqueino por primeira vez no volume *Castelao na voz dos poetas e aportacións pra unha bibliografía de Castelao* (Alonso Montero / Palmás / Ramos de Castro 1970). Reproducino, anos despois, en *Coroa poética para Castelao* (Alonso Montero 1988: 223).

### IV. *Poemas de Darío Xoán Cabana*, marzal, 1970

Este é o título e esta é a data que figura nun mecanoscrito de vinte poemas, algúns dos cales se repiten no libro que inclúo no apartado V. Contén poemas de loita, reivindicativos, chairegos... Eu publiquei, bastante despois, dous deles: «Antonio Machado» e «Soneto pra lembrar a Castelao». En realidade, o primeiro publiqueino co título «Elexía por Antonio Machado», o que me fai pensar que Darío me entregou un texto –exactamente igual– con este título. Responde á etapa machadiana do autor, da que se afastou axiña, segundo unhas declaracións nun libro de *Conversas*:

Cando empecei a practicar así de firme, imitaba a Curros Enríquez e tamén fixen poemas en castelán seguindo a maneira de Antonio Machado e Miguel Hernández, pero esto debeume durar catro ou cinco meses. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 43)

Non. Antonio Machado non me gusta moito. Daquela gustábame bastante porque lle gustaba a Alonso Montero, pero ten unha expresión un pouco fofa... (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 124-125)

A opinión lembra algunhas de Méndez Ferrín, sen chegar a caracterizar a don Antonio como «estercada filistea» (Méndez Ferrín 1980: «Prólogo»)<sup>4</sup>.

Eu publiquei esta elexía en dúas colectáneas machadianas: *Coroa poética para Antonio Machado* (Alonso Montero 1989) e *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado* (Alonso Montero 2004). Nesta edición aclárase que o texto procedía do «libro inédito *Non digo nada novo, pero lémbrovos...*» (Alonso Montero 2004: II).

O «Soneto pra lembrar a Castelao» publiqueino na *Coroa poética para Castelao* (Alonso Montero 1988: 222), con esta anotación: «Segundo premio de poesía nos Jogos Florais Luso-Galaicos do Convívio, Guimarães, 1970».

Importa sinalar que nestes *Poemas* Darío acolleu o titulado «Romance de Xan Branco», que o autor editará por primeira vez, ata onde eu sei, no seu libro *Romanceiro da Terra Chá*, que é de 1973 (Cabana 1973). Son pouco relevantes as modificacións<sup>5</sup>. Á personalidade deste fistor chairego dedicou Darío artigos de prensa en 1970 e 1971.

<sup>4</sup> Véx. Alonso Montero (2022: 226).

<sup>5</sup> Agás escribir «cantor» por «fistor» nun dos versos.

V. *Prâ Nenoso, amada na tebra e máis na espranza do mencer, 1970*

Mecanoscrito de vinte poemas do que non sabemos se este é o título ou se trata dunha dedicatoria. Si, sabemos que Nenoso é o hipocorístico de María José Ortiz de Galisteo, mociña da Fonsagrada da que o poeta estivo namorado, ignoramos por canto tempo, nas datas en que o poemario se compuxo.

En canto á data, eu propoño a de 1970, pois nun dos textos, «Cantiga da nosa palabra», o primeiro verso afirma:

*Eu, meu amor, son un tolo con dezaioito anos de espranza.*

Cumpríraos en abril de 1970, data posterior a «marzal» dese ano, que é a que o autor consigna na portada do libro anterior. Non se pode descartar que algúns dos textos fosen escritos algo despois (e, mesmo, algo antes), mais debo sinalar que, a partir de 1970, as nosas relacións foron moi escasas e moito menos intensas.

En boa parte, estes vinte textos son un poemario de amor dirixido a unha muller nunca nomeada.

*Vólvetes, meu amor, da túa lembranza  
e fai fonte de luz a miña espranza.*

Pero o poeta, que está namorado, ás veces mestura a súa declaración de amor con reflexións que denuncian as miserias da xente, nalgún caso das xentes da Terra Chá natal:

*Olla, meu amor, a terra.  
¡Ouh, miña Chaira chagada, filla e nai dos labradores  
que fertilizan os regos cos seus sangüentos suores...!*

Namorado e militante da causa galeguista, comunícalle á amada en «Cantiga do pobo que queda»:

*Pero no fondo da terra, no máis fondo da raíz,  
sigue agurgullando a seiva dun pobo rexo e baril.  
¡Soio o pobo vive sempre!*

Entre os poemas doutra temática, debo salientar tres: «Elexía por Federico García Lorca», «Elexía da gaita» e «Cantiga de amigo pra Salvador Espriu». Publiquei o primeiro, bastantes anos despois, en dúas colectáneas por min editadas: *García Lorca en Santiago de Compostela* (Alonso Montero 1990: 6-7) e *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico contra a súa morte* (Alonso Montero 1998: 41). O segundo, «Elexía da gaita», inédito ata hoxe, é un laio polo

esmorecemento, en feiras e festas, do vello instrumento do país (cfr. Imaxe 5)<sup>6</sup>. Non é inédito o terceiro, «Cantiga nova pra Salvador Espriu», xa que o publicou o autor, tres anos despois, no *Romanceiro da Terra Chá* (Cabana 1973), libro no que a «Cantiga» ó gran poeta catalán –«Poeta Salvador»– ten carácter prologal. A estrutura métrica lembra a das cantigas de amigo medievais, con paralelismo, leixaprén e refrán, e no refrán cómpre reparar, pois é un verso do *Llibre de Sinera* (1963) de Espriu, «He mirat aquesta terra», que, ó final, consta de dous:

*He mirat aquesta terra  
i els seus homes de mar.*

Son destacables algunhas modificacións: «levedou» por «soergueuse», «vín as terras amadas anchurosas e chás» por «vin as terras amadas das longuísimas Chas»<sup>7</sup>. Debo aclarar que a voz cívica de Salvador Espriu, sobre todo a de *La pell de brau* (1960), non era ignorada nas nosas clases.

VI. Apéndice A: dous textos poéticos (1968, 1969) non obrantes no *ALXAM*<sup>8</sup>

A1) «Recordo para Miguel Hernández no 58 aniversario da súa nacementa», 30-10-1968.

Publiqueino, transcorridas máis de catro décadas, como apéndice do meu discurso «Como cantaron e contaron a Miguel Hernández os poetas galegos nos anos do franquismo», alocución proferida na UNED (Madrid) o 23 de marzo de 2010, data na que fun nomeado doutor *honoris causa* por esa universidade (véx. Haritschelhar / Alonso Montero / Badía i Margarit / López Morales 2010: 75 e 83-84).

No libro de *Conversas* citado, Darío lembraba:

naquel tempo lin tamén moita literatura castelá: Miguel Hernández, que me seducía enormemente, ademais era o antifranquismo, era case Deus, era o poeta mártir... (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 134)

A2) «A min gústame o castrapo», primeiro verso dun poema que obtivo o segundo premio no Certame literario do Instituto Masculino de Lugo en abril de 1969. Publiqueino no apéndice «Escolma de textos demóticos sobre o idioma» do meu libro *O que cómpre saber da lingua galega* (Alonso Montero 1969: 146).

<sup>6</sup> Consérvase, tamén, o manuscrito de «marzal, 70». Feito o cotexo, obsérvanse algunhas variantes.

<sup>7</sup> Teño en conta a edición de Cabana 2003: 66.

<sup>8</sup> Debo pensar que están nalgunha carpeta do meu domicilio en Vigo.

## VII. Apéndice B: prosa

No *ALXAM* figuran tres contos en prosa: «Nin Dios nin o demo», «O traballo máis difícil é o do demo» e «San Pedro e Cristo no Concilio Vaticano». Hai que supoñelos anteriores a 1971 ou, quizais, a 1970. Teñen moi pouco que ver coa narrativa posterior do autor, xénero no que foi unha voz esencial nas últimas décadas. Que eu saiba, non chegou a editar ningún destes contos.

Neste apéndice cómpre rexistrar *Vocabulario de Roás*, dicionario do galego da súa parroquia natal que me entregou (en 1969 ou 1970) nun groso caderno apaisado de tapa dura. De non estar no *ALXAM*, tereino que procurar, como outros textos xa citados, nalgunha carpeta do meu domicilio vigués.

## 3. Oito textos poéticos representativos do primeiro Darío

Penso que estes oito poemas<sup>9</sup> e os datos expostos son suficientes para calquera investigador que se propoña estudar polo miúdo a prehistoria do poeta Darío Xohán Cabana, sobre todo se examina o material literario obrante no *ALXAM*.

O presente traballo tamén se propón homenaxear a quen foi non só un escritor moi importante, senón tamén un extraordinario tradutor. Hai máis de medio século asistín, esperanzado, ós seus primeiros pasos.

---

<sup>9</sup> Algúns inéditos; en canto ós éditos, nunca recolleitos nun volume do autor, foron publicados por min en distintas ocasións.

### ***3.1. «Recordo pra Miguel Hernández»***

#### **Recordo pra Miguel Hernández**

Hoxe, xigantesco bardo,  
estás xa baixo da terra  
destrozado pola guerra  
que che fixo un mal bigardo;  
a túa voz que foi cardo  
e que quixo ser de frores  
á patria dos teus amores  
non traicionou, e contache  
a vesania de un apache  
que te afogou en furores.

Irmán dos bardos galegos,  
Curros e a gran Rosalía,  
fúchela voz que fería  
e que despeitaba ós cegos;  
unhos sanguentos morcegos  
sin patria, ideal nin honor  
metéronte con furor  
nunha sanguinaria tumba  
pro a túa voz inda retumba  
posta no libro da dor.

Poeta, a miña Galicia  
que parira o diutador,  
renega de el con furor  
e pide voz e xusticia;  
renega de esa inmundicia,  
de ese monstro sanguinario  
que fixo campo mortuorio  
de toda a terra de España  
e mentres viva a súa saña  
non estarás solitario.



### 3.2. «*O Cristo vai nacer*»

#### O CRISTO VAI NACER...

O Cristo vai nacer; cunha coraza  
de amor virá cuberto contra a vida...  
Coraza cada día máis ferida  
que cada día máis se despedaza...

O Cristo vai nacer; xa non se apraza  
o día desexado da sua vida  
e veu ca sua ialma revestida  
de amor que a outra ~~vida~~ rabia se lle abraza.

O Cristo vai nacer; no meo do inverno,  
nun día na tenebra asulagado,  
nunha hora de bombas e de inferno.

O Cristo vai nacer; e xa está nado  
no fondo das concencias; non é terno  
ese Cristo, e furioso, arrebatado...

---

Pra D. Xesús Alonso, pra doña Emilia  
e pra Emilio, Xesús e Sara, bon  
Nadal e Aninovo,

Darío da Cabana

2.

## O CRISTO VAI NACER...

O Cristo vai uacer; cunha coraza  
de amor virá cuberto contra a vida...  
Coraza cada día máis ferida  
que cada día máis se despedaza...

O Cristo vai uacer; xa non se aferra  
o día desexado da súa vida  
e ven coa súa ialuna repetida  
de amor que ~~abraza~~ <sup>abraza</sup> ~~vida~~ se lle abraza

O Cristo vai nacer; no ~~mes~~ <sup>inverno</sup>,  
num día na tenebra anulado,  
numha hora de bombas e de inferno

O Cristo vai uacer; e xa está uado  
no fondo das conciencia; non é teno  
ele Cristo, e furioso, arrebatado...

Pra D. Xesús Alonso, pra dona Emilia  
e pra Emilio, Xesús e Sara, bon  
Nadal e Aninovo.

Nadal, 1968

Dario de Cabana

Imaxe 1: Poema «O Cristo vai nacer». ALXAM, carpeta Darío Xohán Cabana.

### ***3.3. «A min gústame o castrapo»***

A min gústame o castrapo  
florido e maxestuoso  
que falan aló por Lugo  
os “señores de buen tono”.  
Pro máis me gusta o que falan  
en vilas moi importantes,  
cabezas de axuntamento  
con máis de mil habitantes.  
Por certo que nestas vilas,  
hasta aristocracia teñen:  
o médico i o barbeiro,  
o señor crego i o mestre.  
Da gusto oílos falar  
nas tertulias do café...  
¡Qué palabras máis sonoras!  
iaún, todavía, ayer...!  
Case me faltan as verbas  
pra louvar estas cidades,  
así que louvádeas vós...  
ifaredes o que poidades!

### 3.4. «Galicia...»

#### GALICIA...

Pra Xesús Alonso Montero

Galicia, ollando o mar...  
Galicia de anceiantes esperanzas...  
Galicia de alcendidas arelanzas  
que fuxen cara ó ar...

Galicia, ollando mares bretemosos  
perdidos nun silencio escurecido...  
Galicia de vieiros tebregosos...  
Galicia, mar perdido...

Saudades de camiño sobre o mar...  
Unha calada brétema perdida...  
Un desexo sin nome de avanzar  
sobre olas de luz estremecida...

Un día, mataremos  
a preguiza dos días pasados sin loitar,  
e coma un canto ó vento do norde avantaremos,  
Galicia, nao con remos de brazos ~~sobre o~~ cara ó mar.

4.

GALICIA...*Por Xesús Alonso Montero*

Galicia, ollando o mar...

Galicia de anceiantes esperanzas...

Galicia de alcandidas arelanzas

que fuxon cara ó ar...

Galicia, ollando mares bretemosos

perdidos nun silencio escurecido....

Galicia de vieiros ~~lx~~ tebregosos...

Galicia, mar perdido...

Saudades de camiño sobre o mar...

Unha calada brétema perdida...

Un desexo sin nome de avanzar  
sobre olas de luz estremeada...

Un día, natarámos

a preguiza dos días pasados sin loiter,

e coma un canto ó vento do norte avanzaremos,

Galicia, nao con remos de brazos <sup>cara ó</sup> sobre o mar.Imaxe 2: Poema «Galicia». *ALXAM*, carpeta Darío Xohán Cabana.

### 3.5. «*Elexía por Antonio Machado*»

#### Elexía por Antonio Machado

Levaba un soño de abrentes  
asomado no mirar.  
Era senlleiro e calado  
por un camiño de mar.  
De cando en cando falaba  
i era nobre o seu falar,  
as súas verbas eran mainas  
coma saloucos de ar,  
e cada verba das súas  
era coma un lumbrigar.

Un día, rubiu á nave  
que endexamáis ha tornar.  
Foise soio e silandeiro  
coma un bon fillo da mar.

### 3.6. «Houbo un día unha voz...»

#### HOUBO UN DIA UNHA VOZ...

Houbo un día unha voz  
estremecida  
que amosaba unha estrela nas súas verbas.

Houbo un día unha voz  
que amosaba os vieiros  
abertos a brozazos cada día.

Houbo un día unha voz  
que amosaba no mar unha ferida  
de ronseles abertos entre a espuma  
das olas de altamar.

Houbo un día unha voz  
que presentía a luz do lumbrigar  
tremando de ledicia envolta en ira...

Pero aquela voz rexa  
marchouse un día negro e tebregoso  
en que as portas i as fiestras se pechaban  
con cadeas de noite...

Mais sigue pervivindo  
aquela voz, a voz  
do ~~vell~~ profeta Daniel, Sempre en Galiza,  
e nunca morrerá.

Vivirá sempre  
na espranza que non morre,  
na espranza que non morre...

DARIO XOHAN CABANA

6. ~~26-XI-1969~~  
 HOUBO UN DÍA UNHA VOZ...

Houbo un día unha voz  
 estremeecida  
 que amosaba unha estrela nas súas vestas.

Houbo un día unha voz  
 que amosaba os veiros  
 abertos a brosaes cada día.

Houbo un día unha voz  
 que amosaba no mar unha ferida  
 de ronseles abertos entre a espuma  
 das olas de alta-mar.

Houbo un día unha voz

que presentía a luz do lumbregar  
 treuando de ledicia envolta en ira...

Pero aquela voz rexa  
 marchause un día negro e tebregoso  
 en que as portas e as fiestras se pechaban  
 con cadeas de morte...

Mais sique pervivindo  
 aquela voz, a voz  
 do ~~profeta~~ profeta daniel, Sempre en Galiza,  
 e nunca morreirá.

Vivirá sempre  
 na esperanza que non morre,  
 na esperanza que non morre...

DARÍO XOHÁN CABANA

Imaxes 3 e 4: Poema «Houbo un día unha voz...». ALXAM, carpeta Darío Xohán Cabana.



### 3.7. «Elexía da gaita»

#### ELEXIA DA GAITA

O mar xa non leva alboradas de gaita.  
O mar quedouse mudo de elexías e cántigas  
¡Carballeira, a chorar!

As rocas xa non petan no turreiro deserto.  
Ficou o redobranter nun anoitecer bébedo.  
¡Carballeira, a chorar!

Nas feiras e nas festas bailan pálidas nenas  
de música ie-ie e guitarras eléutricas  
¡Carballeira, a chorar!

¿Qué foi das muiñeiras e máis das alboradas  
que poñían nos pés ledicia de bailadas?  
¡Carballeira, a chorar!

¿Qué foi da leda gaita a tocar na serán?  
¿Qué foi do redobranter a marcar o compás?  
¡Carballeira, a chorar!

O fol reventou tolo, o roncón esgazou,  
a palleta quebrouse e perdeuse a canción.  
¡Carballeira, a chorar!

Marzal, 70.

Darío Xohan Cabana

7.

ELEXIA DA GAITA

O mar xa non era alboradas de gaita.  
 O mar quedouse uendo de elexias e cántigas  
 ¡Carballeira, a chorar!  
 As rocas xa non petan no terreiro deserto.  
 Fícou o redobraute nun aurotecer bérbedo.  
 ¡Carballeira, a chorar!  
 Nas feiras e nas festas bailan pálidas uenas  
 de música ie-ie e guitarras eléctricas  
 ¡Carballeira, a chorar!  
 ¿Qué foi das uniúeiras e uiaís das alboradas  
 que ponían no pés ledicia de bailadas?  
 ¡Carballeira, a chorar!  
 ¿Qué foi da leda gaita a tocar na seráe?  
 ¿Qué foi do redobraute a marcar o compás?  
 ¡Carballeira, a chorar!  
 O fol reventou tolo, o roncón esgazon,  
 a palleta quebrouse e perdeuse a saueión.  
 ¡Carballeira, a chorar!

Marsab, 70.

Dario Xohán Cabana

Imaxe 5: Poema «Elexía da gaita». ALXAM, carpeta Darío Xohán Cabana.

### **3.8. «Elexía por Federico García Lorca»**

#### **Elexía por Federico García Lorca**

As campás de Compostela cantan panxoliñas do ar.  
¡Ai, a choiva de Sant-iago, qué mainiño barruzar...!  
¡Morto de bronce e cristal...!

Polas rúas de Bos Aires van os galegos chorando.  
¿Qué rextos muros de lama están na tebra axexando?  
¡Morto de bronce e cristal!

¡Ouh, Federico García, qué foi daquela Granada  
que estaba a froitificar i unha noite foi roubada?  
Morte de bronce e cristal,  
¿que foi daquela Granada?

## Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1969): *O que cómpre saber da lingua galega*. Buenos Aires: Alborada.
- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1988): *Coroa poética para Castelao (187 poemas: de 1911 a 1987)*. Sada: Edicións do Castro.
- Alonso Montero, Xesús (1989): *Coroa poética para Antonio Machado*. Vigo: Caixa de Aforros de Vigo.
- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1990): *García Lorca en Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1998): *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico contra a súa morte*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.
- Alonso Montero, Xesús (2004): *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado*. Hipocampo Amigo. Poesía, 15. Poio: Litoral das Rías.
- Alonso Montero, Xesús (2011): *ALXAM. Guía do Arquivo Literario*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Alonso Montero, Xesús (2021): *Dicionario da nova literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición, estudo introdutorio e notas de Ramón Nicolás.
- Alonso Montero, Xesús (2022): *El nombre y la obra de Antonio Machado dentro de las coordenadas del franquismo*. A Coruña: Hércules Ediciones.
- Alonso Montero, Xesús / Ricardo Palmás / Epifanio Ramos de Castro (eds.) (1970): *Castelao na voz dos poetas e aportacións para unha bibliografía de Castelao*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Cabana, Darío Xohán (1973): *Romanceiro da Terra Chá*. Vigo: Castrelos.
- Cabana, Darío Xohán (2003): *Vinte cadernos (Poemas 1969-2022)*. Vigo: Xerais.
- Calvo, José Luís / Yago Rodríguez Yáñez (2007): *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*. Vigo: Xerais.
- Calvo, José Luís / Yago Rodríguez Yáñez (2008): *A voz e o silencio. Bibliografía e estudo en torno a Darío Xohán Cabana*. Outeiro de Rei: Fundación Manuel María.
- Haritschelhar, Jean / Xesús Alonso Montero / Antoni M. Badía i Margarit / Humberto López Morales (2010): *'Laudationes' y Discursos de los Doctores Honoris Causa en Filología. Solemne acto de investidura como Doctores Honoris Causa en reconocimiento a las Lenguas de España*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED).
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1980): *Poesía enteira de Heriberto Bens*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.